



ASESORÍA · CONSULTORÍA **algalia** SERVICIOS PARA O TERCEIRO SECTOR

PRINCIPIOS COOPERATIVOS DE ALGALIA S. COOP. GALEGA

Vigo,
2 de febreiro de 2018

Asemblea de ALGALIA S.COOP.GALEGA




PREÁMBULO	3
Unha mirada á traxectoria de ALGALIA	3
Presentación dos principios cooperativos.....	5
Referentes.....	6
PRINCIPIOS COOPERATIVOS DE ALGALIA S. COOP. GALEGA.....	8
01 Libre adhesión.....	8
02 Organización democrática	8
03 Soberanía do Traballo	9
04 Carácter instrumental e subordinado do Capital	9
05 Participación na xestión	9
06 Solidariedade retributiva	10
07 Intercooperación	10
08 Transformación social	10
09 Carácter universal.....	11
10 Educación e formación.....	11

Ningunha experiencia que pretenda propoñer algo distinto ao establecido pode manter a súa identidade no tempo se non alimenta de forma permanente a súa propia visión das cousas e a forma de mirarse e entenderse a si mesma.

PREÁMBULO

Unha mirada á traxectoria de ALGALIA



ALGALIA nace en 1994 como unha iniciativa de auto emprego de varios amigos que compartiran estudos secundarios no Colexio Salesiano María Auxiliadora de Vigo e posteriormente na Facultade de Económicas da Universidade de Vigo.

Todos eles, mozos participantes en distintas iniciativas sociais relacionadas co asociacionismo xuvenil, o tempo libre, a inclusión social, as drogo dependencias, a cooperación internacional, o ecoloxismo e outras causas sociais e solidarias, consideran que poden atopar un modo de vida digno achegando a súa formación, coñecementos e experiencia de xestión ao mundo asociativo, ao que nos anos noventa iríase configurando como o Terceiro Sector.

O 31 de xaneiro de 1995 cristaliza o soño coa creación de **ALGALIA ASESORÍA C.B.**, sociedade civil que integraba tres socios traballadores e catro colaboradores puntuais na prestación de servizos. Estes últimos tamén apoiaban financeiramente á empresa.

Os inicios foron precarios e ALGALIA ASESORÍA foi dotándose aos poucos dos recursos necesarios para o exercicio da súa actividade. Nese momento os principios que rexían a política de investimentos eran a austeridade, a auto financiación e a creatividade.

O esforzo, a dedicación e o traballo ben feito despregados durante o período 1995-1999, trouxo como recompensa comezar a ser recoñecidos no terceiro sector como unha asesoría especializada e aumentar a nosa carteira de clientes, permitíndonos ampliar o persoal até sete persoas.

En 1999, coa aprobación do Primeiro plan estratéxico de ALGALIA 1999-2002, decídese a constitución dunha cooperativa: **ALGALIA S. COOP. GALEGA**. Esta decisión responde a que consideramos naquel momento que a cooperativa era a forma xurídica que mellor encaixaba na nosa forma de organizarnos, así como a vontade de incorporar os valores cooperativistas como elementos directores das nosas políticas.

Non só foi un salto xurídico, senón que foi o paso de ALGALIA ASESORÍA a unha organización maior estruturada nun departamento de Asesoría e nun novo departamento denominado Proxectos, que englobaba servizos de formación, consultoría, publicacións e organización de eventos, actividades que fomos sumando á nosa oferta para responder ás demandas dos nosos clientes.

Este salto levounos a adquirir unha posición de liderado no terceiro sector e unha presenza en todo o territorio galego. No ano 2004 ábrese unha nova oficina en Vigo e o persoal ascende a 18 persoas.

En 2005 apróbese o Plan estratéxico 2005-2008. Os elementos fundamentais deste Plan foron a aposta por ofrecer servizos de consultoría estratéxica, organizativa e sistemas de xestión da calidade, como resposta ás necesidades que percibiamos no terceiro sector.

Esta decisión supuxo a transformación do Departamento de Proxectos no Departamento de Consultoría, e a contratación de persoal especializado para o seu enriquecemento. Neste período créase a oficina en Santiago de Compostela co propósito de afondar na dimensión territorial autonómica.

Asistimos nese período a un crecemento importante nos dous departamentos en cifra de negocio, que se concretou en prestar servizos a organizacións grandes e servizos máis importantes e de alto valor engadido. O persoal chegou a estar formada por 30 persoas.

Este crecemento fixo renxer a estrutura organizativa e o funcionamento interno e, tomáronse medidas a adecuar a organigrama e os procedementos ao novo tamaño de organización. Cara ao final do período prodúcese o abandono da liña de servizos de organización de eventos, consolidándose o enfoque de consultoría do Departamento.

No ano 2009 prodúcese un cambio na estrutura organizativa: créase a figura de Xerente, ordénanse seis áreas de negocio, que suprimen os departamentos, e as funcións de xestión de persoas e xestión económica centralízase no Departamento de Administración.

A finais do ano 2009 apróbase o Plan estratéxico 2010-2012, e que supón unha aposta por ampliar presenza noutros sectores, o deportivo e cultural, e noutros territorios, abordando a dimensión estatal para algúns servizos. Apóstase decididamente por orientar a prestación de servizos á mellora da eficiencia na organización e xestión dos nosos clientes.

Durante o ano 2013 abórdase unha nova reflexión estratéxica co acompañamento de LKS. Este proceso supuxo un salto de mentalidade que favoreceu para a construción dunha ALGALIA máis sustentable a longo prazo. Apostamos por dirixirnos a un tamaño de cliente máis desenvolvido, establecer unha presenza en Madrid e desenvolver a nosa identidade cooperativa. Para iso a política de alianzas, a aposta por incrementar as capacidades das nosas profesionais e a intensidade de mercadotecnia e comercialización emerxeron como alicerces nos que sustentar a consecución dos nosos obxectivos.

Organizativamente, fusionáronse as áreas de servizos económicos e laborais, que pasaron a concibirse como un único negocio a través da área de asesoría cun responsable único e articulado por liñas de servizos. Potenciouse a área de consultoría, realizando unha aposta importante na adquisición de coñecemento para a creación de novos servizos, sobre todo centrados en recursos humanos e estratexia. Este esforzo de aprendizaxe asentouse fundamentalmente en relacións de alianza con entidades do País Vasco: Fundación EDE e LKS S. Coop.

Na actualidade, con máis de 20 anos de historia, acompañamos a máis de 250 clientes e o equipo humano de ALGALIA está composto por 22 persoas implicadas no proxecto.

Presentación dos principios cooperativos

Tal como describiamos máis arriba, ALGALIA S. COOP. GALEGA é unha iniciativa empresarial cooperativa promovida na súa orixe por un grupo de amigos como forma de procurar aos seus membros un auto emprego que satisfíxese dúas principais arelas compartidas: procurarse un medio de vida digno e participar como empresa na construción dunha sociedade máis xusta e solidaria desde a contribución de propostas de valor empresariais para o sector da economía social.

ALGALIA S. COOP. GALEGA é unha experiencia que supera o impulso inicial das súas socias fundadoras e que na súa traxectoria constituíuse como un proxecto con entidade propia que merece ser preservado pola súa contribución específica á comunidade na que participa, de modo que as súas socias están dispostas a compartir este proxecto con outras persoas para asegurar a súa sustentabilidade e favorecer o seu desenvolvemento e impacto social.

Na inacabable tarefa de axustar a práctica empresarial ao desexo motor das participantes nesta empresa cooperativizada, e no marco da Planificación estratéxica 2014-2016, desenvólvese

un proceso de reflexión compartido de revisión e impulso do aliñamento da nosa cooperativa cos Principios que inspiran esta forma de economía.

O traballo consistiu en aprehender o alcance de cada un dos Principios cooperativos, revisar as dinámicas empresariais históricas e actuais para identificar os procesos que son expresión e desenvolvemento de cada un dos Principios, ademais de tomar conciencia de que sería susceptible de desenvolver para ser máis fieis a estes e, finalmente, realizar unha formulación de como en ALGALIA S. COOP. GALEGA interpretamos os Principios nos que se asenta a nosa maneira de facer empresa e situarnos na comunidade na que participamos.

Entendemos esta formulación como unha manifestación viva e provisional, unha expresión que ha de ser visibilizada nos comportamentos dos membros da Cooperativa que en cada momento da súa historia encarnen ALGALIA S. COOP. GALEGA, e que ha de servir para fundamentar, referenciar e inspirar os valores empresariais e organizativos, ademais dos criterios para a toma de decisión tanto no ámbito societario como de organización e xestión do negocio.

As referencias axiolóxicas de ALGALIA non se esgotan neste documento, pero teñen nel a súa fonte e referencia fundamental.

Referentes

ALGALIA S. COOP GALEGA toma como referencia para o desenvolvemento dos seus principios cooperativistas a formulación de 10 principios que estableceu a *Experiencia cooperativa de Mondragón* no seu I Congreso Cooperativo os días 2 e 3 de Outubro de 1987, e que sintonizan cos 7 principios que establece a *Alianza Cooperativa Internacional*.

Estes son os principios que desenvolveremos máis adiante¹:

1. **Libre adhesión.** Primeiro principio da ACI: *Adhesión libre e voluntaria*.
2. **Organización democrática.** Segundo principio da ACI: *Control democrático dos membros*.
3. **Soberanía do traballo.** Terceiro e cuarto principios da ACI: *Participación económica dos membros e Autonomía e independencia*.
4. **Carácter instrumental e subordinado do capital:** Terceiro e cuarto principios da ACI: *Participación económica dos membros e Autonomía e independencia*.
5. **Participación na xestión.** Segundo principio da ACI: *Control democrático dos membros*.

¹ Para saber máis sobre o Modelo de Xestión Corporativa de Mondragón, [picar aquí](#). Para saber máis sobre os Principios da Alianza Cooperativa Internacional [picar aquí](#).

6. **Solidariedade retributiva.** Terceiro principio da ACI: *Participación económica dos membros.*
7. **Intercooperación.** Sexto principio da ACI: *Cooperación entre cooperativas.*
8. **Transformación social.** Sétimo principio da ACI: *Compromiso coa comunidade.*
9. **Carácter universal.** Sétimo principio da ACI: *Compromiso coa comunidade.*
10. **Educación e formación.** Quinto principio da ACI: *Educación, formación e información.*

PRINCIPIOS COOPERATIVOS DE ALGALIA S. COOP. GALEGA

01 Libre adhesión

ALGALIA S. COOP. GALEGA declárase aberta a todas as persoas que de forma voluntaria acepten estes Principios Cooperativos; compartan e se identifiquen cos seus valores; acrediten idoneidade profesional para os postos de traballo que puidesen existir e acepten e se comprometan coas responsabilidades de ser socias.

Para a adscrición á cooperativa non existirá discriminación algunha por motivos relixiosos, políticos, étnicos, ou de sexo. Soamente será esixible o respecto aos postulados da súa constitución interna.

02 Organización democrática

ALGALIA S. COOP. GALEGA proclama a igualdade básica das socias traballadoras no que respecta aos seus dereitos a ser, posuír e coñecer, o que implica a aceptación dunha organización democrática da empresa, concretada en:

1. A soberanía da Asemblea Xeral, composta pola totalidade da socias, que se exercita segundo a práctica de “unha persoa, un voto”.
2. A elección democrática dos órganos de goberno, e en concreto do Consello Reitor, responsable da súa xestión ante a Asemblea Xeral.

O Consello Reitor representa á Cooperativa e a súa actuación, orientada polo proxecto compartido aprobado pola Asemblea, estará dirixida a compaxinar o interese xeral da Cooperativa co particular das súas socias.

3. A colaboración cos órganos directivos designados para xestionar a sociedade por delegación de toda a comunidade, que gozarán das atribucións suficientes para desenvolver eficazmente a súa función en beneficio común.

ALGALIA S. COOP. GALEGA é unha organización democrática controlada polos seus membros, quen participan activamente na definición das súas políticas e na toma de decisións.

As persoas elixidas para representar á Cooperativa responden antes os membros.

Si entra en acordo con outras organizacións (incluíndo gobernos) ou ten capital de fontes externas, réalizao en termos que aseguren o control democrático por parte dos seus membros e manteña a autonomía da Cooperativa.

03 Soberanía do Traballo

ALGALIA S. COOP. GALEGA considera que o Traballo² é o principal factor transformador da natureza, da sociedade e do propio ser humano e, por conseguinte:

1. Renuncia á contratación sistemática dos traballadores asalariados.
2. Adxudica ao Traballo plena soberanía na organización da empresa cooperativa.
3. Considera ao Traballo acredor esencial na distribución da riqueza producida.
4. Manifesta a súa vontade de ampliar as opcións de traballo a todos os membros da sociedade.

04 Carácter instrumental e subordinado do Capital

ALGALIA S. COOP. GALEGA considera ao factor Capital como un instrumento, subordinado ao Traballo, necesario para o desenvolvemento empresarial e acredor por tanto:

1. A unha remuneración:
 - a. Xusta, en relación cos esforzos que implica o seu aforro.
 - b. Adecuada, para propiciar a adscrición dos recursos necesarios.
 - c. Limitada na súa contía, mediante a correspondente regulación.
 - d. Non directamente vinculada aos Resultados obtidos.
2. A unha dispoñibilidade subordinada á continuidade e desenvolvemento da Cooperativa, que non impida unha real aplicación do principio de libre adhesión.

05 Participación na xestión

ALGALIA S. COOP. GALEGA estima que o carácter democrático da Cooperativa non se esgota na súa vertente societaria, senón que implica un desenvolvemento progresivo da autoxestión e consecuentemente da participación da socias no ámbito da xestión empresarial, o que, á súa vez, require:

1. O desenvolvemento dos mecanismos e canles de participación adecuados.
2. A transparencia informativa en relación coa evolución das variables básicas da xestión da Cooperativa.
3. A práctica de métodos de consulta e negociación coas socias traballadoras nas decisións económicas, organizativas e laborais que lles concirnan ou afecten.

² A dobre condición de traballador e empresario é a esencia do sistema. O traballo ten a soberanía, personificada na condición de socia . A relación entre capital e traballo resúmese en tres grandes preguntas: 1, de quen é a empresa? 2, quen manda? 3, cómo distribúense os beneficios?

4. A aplicación sistemática de plans de formación social e profesional da socias.
5. O establecemento da promoción interna como vía básica para a cobertura dos postos con maior responsabilidade profesional.

06 Solidariedade retributiva

ALGALIA S. COOP. GALEGA proclama a retribución suficiente e solidaria como un principio básico da súa xestión, expresada nos termos de:

1. Suficiente, acorde coas posibilidades reais da Cooperativa.
2. Solidaria, nos seguintes ámbitos concretos:
 - a. Interno. Materializado, entre outros aspectos, na existencia dun intervalo solidario de retribucións ao traballo.
 - b. Externo. Materializado no criterio de que a remuneración media interna sexa equivalente á das traballadoras asalariadas do seu sector profesional, salvo manifesta insuficiencia da política salarial no mesmo.

07 Intercooperación

ALGALIA S. COOP. GALEGA considera que, como aplicación concreta de solidariedade e requisito de eficacia empresarial, o principio de Intercooperación debe manifestarse:

1. Na contribución á colaboración entre cooperativas que buscan sinerxías para desenvolver os seus proxectos e fortalecer os seus negocios.
2. Na contribución ao desenvolvemento do cooperativismo galego, co fin de potenciar a Economía Social en Galicia.
3. Na contribución con outros movementos cooperativos do Estado, Europeos e do resto do mundo, realizando acordos e establecendo órganos conxuntos dirixidos a propiciar o desenvolvemento común.

08 Transformación social

ALGALIA S. COOP. GALEGA manifesta a súa vontade de transformación social solidaria coa doutros pobos, a través da súa actuación en Galicia nun proceso de expansión que colabore á súa construción económica e social e á edificación dunha sociedade galega máis libre, xusta e solidaria, mediante:

1. Unha política de Protección Social das súas socias e traballadoras coherente co sistema cooperativo, baseado na solidariedade e responsabilidade.
2. O apoio a iniciativas de desenvolvemento comunitario, mediante a aplicación do Fondo de Formación e Promoción.

3. A cooperación con outras institucións galegas de carácter económico e social, especialmente as promovidas por axentes da economía social.
4. A colaboración na revitalización do Galego e, en xeral, dos elementos característicos da cultura Galega.
5. A reinversión para a creación de postos de traballo cooperativos.

09 Carácter universal

ALGALIA S. COOP. GALEGA, como expresión da súa vocación universal, proclama a súa solidariedade con todas as que traballan pola democracia económica no ámbito da "Economía Social", facendo seus os obxectivos de Paz, Xustiza e Desenvolvemento, propios do Cooperativismo Internacional.

10 Educación e formación

ALGALIA S. COOP. GALEGA manifesta que para promover a implantación dos anteriores Principios é fundamental a dedicación de suficientes recursos persoais e económicos á Educación, nas súas diversas vertentes:

1. Cooperativa, do conxunto das socias e en especial das elixidas para os órganos sociais.
2. Profesional, en especial das socias designadas polos órganos directivos.
3. En xeral, da mocidade, propiciando o xurdimento de persoas cooperadoras, capaces de consolidar e desenvolver experiencias cooperativas no futuro.